

TEMPO "PER ANNUM" CICLO C

O DOMINGO PRIMEIRO É A FESTA DO BAUTISMO DO SEÑOR

DOMINGO 2 ORDINARIO CICLO C

PRIMEIRA Is 62, 1-5

Alégrase o esposo pola súa esposa

PROCLAMACIÓN DA PALABRA RECOLLIDA NA PROFECÍA DE ISAÍAS

Por Sión non quedarei en silencio,
e por Xerusalén non ficarei quedo,
ata que a súa xustiza saia como un resplandor
e a súa salvación alume coma unha lámpada.
Os pobos verán a túa xustiza e todos os reis a túa gloria,
chamaráseche cun nome novo, o que indique a boca do Señor.
Serás coroa preciosa na man do Señor
e turbante rexio na palma da man do teu Deus.
Non se che volverá chamar "Abandonada",
nin á túa cidade se lle volverá dicir "Ruína",
senón que a ti se che chamará "Ti es o meu amor"
e á túa cidade se lle chamará "A casada".
Si, o amor do Señor estará en ti,
e a túa cidade casará.
Como casa un mozo cunha virxe,
así casará contigo o teu Construtor.
O gozo que sente o noivo pola noiva,
sentirao o teu Deus por ti.

SALMO RESP. Sal 95, 1-2a. 2b-3. 7-8a. 9-10a e c

R/ (3): Cantade ante todos os pobos as marabillas do Señor

Cantádelle ao Señor un cántico novo,
cántalle ao Señor, terra enteira;
cantade ao Señor e bendicide o seu nome,

pregoades todos os días a súa salvación;
cantade entre as xentes a súa gloria;
ante todos os pobos, as súas marabillas.

Tributade ao Señor, pobos todos,
tributade ao Señor honor e forza,
tributade ao Señor a gloria do seu nome.

adorade o Señor con vestido sagrado,
treme na súa presenza a terra enteira.
Dicide entre as xentes:
-"O Señor reina, goberna os pobos rectamente".

SEGUNDA 1 Cor 12, 4-11

Un e o mesmo Espírito repartindo a cada un como a El lle parece.

PROCLAMACIÓN DA PALABRA RECOLLIDA NA PRIMEIRA CARTA DE SAN PAULO APÓSTOLO AOS CORINTIOS

Irmáns e irmás:

Hai diversidade de dons, pero un mesmo Espírito. Hai diversidade de servizos, pero un mesmo Señor. Hai diversidade de realizacións, pero un mesmo Deus, que é quen realiza todo en todos.

A cadaquén dásele a manifestación do Espírito para o ben común. A un o Espírito dálle palabra de sabedoría; a outro dálle palabra de ciencia o mesmo Espírito; a aquel outro o mesmo Espírito concédelle fe. A un este mesmo Espírito dálle o don de curacións; a outro, o don de facer milagres; a outro, o don da profecía; a outro, discernimento de espíritos. A un, don de falar distintas linguas; a outro, o saber interpretar esas linguas. Pero todo isto é un e o mesmo Espírito quen o realiza, repartindo a cada un en particular, como a El lle parece.

ALELUIA Cf. 2 Tes 2, 14:

Deus chamounos por medio do Evanxeo
para adquirila gloria do noso Señor Xesús Cristo

DOMINGO 2 ORDINARIO CICLO C

EVANXEO Xn 2, 1-11

Foi así como fixo Xesús o primeiro dos signos en Caná de Galilea

PROCLAMACIÓN DO SANTO EVANXEO SEGUNDO XOÁN

Daquela houbo un casamento en Caná de Galilea, e estaba alí a nai de Xesús. Tamén foi convidado Xesús e mailos seus discípulos ao casamento. Chegou a faltar o viño e a nai de Xesús díxolle:

-Non che teñen viño.

Replicoulle Xesús:

-Muller, que ten que ver iso comigo e contigo? Aínda non chegou a miña hora.

Súa nai díxolles entón aos servidores:

-Facede o que el vos diga.

Había alí seis tinas de pedra para as purificacións dos xudeus, que levaban ao pé de cen litros cada unha. E ordenoulles Xesús:

-Enchede de auga as tinas.

Eles enchéronas de todo.

Díxolles entón:

-Collede agora e levádelle a proba ao mestresala.

Eles levárona. E, cando o mestresala probou a auga volta viño, sen saber de onda viña (os servidores si que o sabían, que eles colleran a auga) falou co noivo e díxolle:

-Todo o mundo pon de primeiras o viño bo e, cando xa están bébedos, o máis cativo; ti, en troques, deixaches o viño bo para agora.

Foi así como fixo Xesús o primeiro dos signos en Caná de Galilea; manifestou a súa gloria, e creron nel os seus discípulos.